


Manual do Usuário



Unit 9: Computing World

1.- O menú principal:

Na zona superior da pantalla atópase o menú principal dende o que se pode acceder a todos os contidos. O seu funcionamento é moi sinxelo, fíxese no gráfico:



Tal e como se explica para moverse pola unidade unicamente deberá de facer clic naquel apartado que queira, tras o cal aparecerá o contido escollido.

2.- As guías didácticas:

As frechas permiten moverse ao seguinte ou ao anterior apartado, se existise; o botón "N" permite pór en grosa (negriña) as palabras clave que hai no texto, para o estudo. Pode resultar interesante que primeiro lea o texto sen estas palabras remarcadas, logo pode marcalas (poñelas en "grosa") e ver se unicamente con estas palabras é quen de comentar o que o texto quere transmitir.

O altofalante ao lado dunha palabra ou dunha frase permítenos escoitar como se pronuncia. O resto dos botóns están explicados pormenorizadamente na guía didáctica, pero a groso modo, permítennos incorporar á pantalla principal vídeos, audios, arquivos, páxinas externas, material embebido, ...

Fíxese no seguinte gráfico para ter unha idea do que estamos falando.

Unit 9: Computing World



Computing World Unit 8

Start Grammar Song Vocabulary Web Task Extra-curricular Functions Celebrities Special Dates Cities

GOING TO FUTURE:

A) STRUCTURE:

AFFIRMATIVE:

SUBJECT	AUXILIARY VERB	GOING TO	BASE FORM
I / HE / THEY / ANN / MY FRIENDS ...	AM / IS / ARE	GOING TO	PLAY

NEGATIVE:

SUBJECT	AUXILIARY VERB	GOING TO	BASE FORM
I / HE / THEY / ANN / MY FRIENDS ...	AM NOT / IS NOT (ISN'T) / ARE NOT (AREN'T)	GOING TO	PLAY

INTERROGATIVE:

SUBJECT	AUXILIARY VERB	GOING TO	BASE FORM
AM / IS / ARE	I / HE / THEY / ANN / MY FRIENDS ...	GOING TO	PLAY

Navigation icons: back, forward, search, and other controls.

Este sería o formato sen poñer as letras en negriña. Se prememos no botón “N” esas palabras resaltadas en grosa e que supoñen os puntos claves da unidade desaparecerán, permitindo así ao alumnado a posibilidade de comprobar se aprendeu o que pretendía. Fíxese que na barra de navegación inferior hai unha serie de enlaces a outras actividades sobre o futuro na rede.

3.- As actividades:

Nalgúns paquetes de actividades atoparase na parte superior con algunhas ligazóns que ao premer nelas levarano a algún lugar de internet onde pode consultar algo relativo ás actividades que está a facer.

Na dereita hai un índice cos números das distintas actividades, se pon o rato enriba de cada número verá o nome da actividade, facendo clic irá directamente a esa actividade. Cando se realiza unha actividade correctamente, automaticamente pasa á seguinte sen necesidade de que faga clic en ningún lado; se, pola contra, cometeu erros e debe repetir o exercicio, este recargarase automaticamente. Na maioría das actividades pode ver un símbolo de interrogación “?” que serve para comprobar se a actividade foi resolta correctamente.

Lembre que de todo o seu traballo con cada un dos grupos de actividades elabórase un informe que lle pode servir de auto-avaliación. Se o desexa ver só ten que premer na esquina superior esquerda; na pantalla aparecerá as actividades, o tempo empregado en cada unha, as veces que foron feitas, se foron correctas ou non, etc.

Unit 9: Computing World

Fíxese na imaxe seguinte:

The screenshot shows a web interface for 'Unit 9: Computing World'. At the top, there's a header with 'THE BEATLES' and 'Unit 9'. A blue box labeled 'Auto-avaliación' points to a printer icon. Below the header, there's a sidebar with 'LINKS' (The Beatles Songs) and 'ACTIVITIES' (1, 2, 3). A blue box labeled 'Índice de actividades' points to the 'ACTIVITIES' section. The main content area is titled 'Activity 2' and contains a text completion exercise about 'The Beatles'. A blue box labeled 'Ligazóns externas' points to the 'The Beatles Songs' link. The exercise text is: 'Drag and drop these words to complete this text about "The Beatles":'. The text to be completed is: 'The men [] pop group from Liverpool. The [] [], Paul [], George Harrison and Ringo Starr. Paul McCartney met John Lennon in 1957 and joined his group "The []". Then, in 1960, they formed "The Beatles" with George Harrison and Ringo Starr. In September 1962 they recorded their first great hit: "[]". They wrote their own songs: Their most famous songs are "Yesterday", "All Together Now", "Yellow Submarine", "Hey []", "Let it be", ...'. A list of words to drag and drop is: Quarrymen, Love me Do, Lennon, McCartney, Jude. A blue box labeled 'Botón de comprobar solución' points to a button with a question mark. At the bottom, there are navigation buttons: 'Anterior' and 'Seguiente'.

4.- Pictionary:

Esta guía visual serve para a adquisición e comprensión do vocabulario que imos usar no apartado. Ao premer na imaxe esta ven ao fronte:

The screenshot shows a 'Pictionary' application window titled 'Computing World'. The window has a menu bar with 'Start', 'Grammar', 'Song', 'Vocabulary', 'Web Task', 'Extra-curricular', 'Functions', 'Celebrities', 'Special Dates', and 'Cities'. The main content area shows a video card (GPU) with the text: 'A computer's microprocessor is usually busy with other work, so the graphics card (also called Video card) handles this. The card has a chip called a Graphics Processor Unit, a microprocessor specialized for video calculations. The GPU lets the computer's main processor do its job, allowing the computer to run at full speed.' A small icon of a video card is shown in the top left corner. A video player at the bottom shows a progress bar at 0:02 / 0:02.

Ao premer na icona coa nota musical, ábrese un reprodutor para escoitar como se pronuncia a palabra en cuestión. Se prememos na frecha da parte inferior dereita,


Unit 9: Computing World

obtemos máis información sobre a palabra ou expresión. Premendo nas dúas frechas horizontais, pasamos á seguinte imaxe ou á anterior.

5.- Traballo Colectivo (Collective task):

Este é un traballo que se levará a cabo en grupos coa colaboración de tódolos membros do grupo.

Nesta unidade teñen que elaborar unha liña de tempo sobre os inventos e feitos máis relevantes na historia da informática tal e como a entendemos hoxe en día. A primeira pantalla que atopamos é esta:



Premendo no lapis da parte inferior esquerda, procedemos a identificarnos co nome de usuario e contrasinal facilitados. Unha vez dentro veremos a seguinte pantalla:

Insert data Jobs added: [dropdown]

Data

Word: [Atanasoff] 1

URL: [https://en.wikipedia.org/wiki/Atanasoff] 2

Remark

Atanasoff and his graduate student, Clifford Berry, design a computer that can solve 29 equations simultaneously. This marks the first time a computer is able to store information on its main memory. 3

Start 4

Year: [1941] Month: [] Day: []

Hour: [] Min.: [] Sec.: []

End

Year: [] Month: [] Day: []

Hour: [] Min.: [] Sec.: []

Arquivo imaxe

Browse... 800px-Atanasoff-Berry_Computer.jpg 5

Ancho: [100]


6

Unit 9: Computing World

No apartado 1 “Word” poremos a palabra que logo aparecerá na liña de tempo. No campo 2, URL poremos unha ligazón a unha páxina web para obter información a maiores sobre o feito estudado. No apartado 3 “Remark” escribimos o comentario que logo aparecerá ao premer na palabra na liña de tempo. En 4, Start, poñemos o ano ao que se refire o evento, e por último no campo 5, “browse”, podemos incorporar unha imaxe que ilustrará dito contido.

Unha vez cubertos todos os datos prememos na casa de verificación (6) para gardar os datos. Con posterioridade se queremos volver a acceder a esta entrada, terémola dispoñible para a súa edición no botón “jobs added”.

Este sería o resultado final:



Ao premer na palabra “Atanasoff”, ábrese o cadro coa información e a foto elixida. Dentro dese recadro, ao premer en “Atanasoff” ábrese a ligazón establecida.

NOTA IMPORTANTE PARA OS/AS DOCENTES:

Se vostede accede como docente, pode elaborar o seu propio xestor de arquivos ou a súa propio formulario para crear os “writing”, co recurso de “páxinas en servidor” do programa ARDORA (<http://www.webardora.net>) e crear o seu propio curso con contrasinais para o seu alumnado e logo subila a un servidor se lle interesase traballar con este recurso. Abonda con poñer o mesmo nome que está nesta unidade e substituír as carpetas. Na páxina web de Ardora ten abundante información sobre como elaborar as páxinas en servidor.

Palmeira, 30 de Xuño de 2018